

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13238 *Lei orgánica 11/2011, do 1 de agosto, para a aplicación á Garda Civil do artigo 13.1 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

Artigo 1.

A regulación contida no artigo 13.1 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, será tamén de aplicación á Garda Civil, na súa condición de instituto armado de natureza militar.

Artigo 2.

Queda derogado o número 1 do artigo 8 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor aos tres meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 1 de agosto de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO